



Estimadas/os compañeiras/os:

As federacións de ensino de CCOO, ANPE, UXT e CSIF vimos de analizar a necesidade da prórroga das medidas de apoio ao ensino adoptadas este curso por mor da situación excepcional causada pola pandemia derivada da COVID-19 de cara ao vindeiro curso escolar 2021-2022.

Neste senso, mañá martes, día 8 de xuño, daremos unha rolda de prensa conxunta na que analizaremos a situación, no relativo tanto aos recursos humanos como materiais, do eido educativo galego de cara a afrontar o vindeiro curso escolar e demandaremos a prórroga das medidas de apoio que se puxeron en marcha no actual curso, facendo especial fincapé no referido á contratación de profesorado e que supuxo un aumento de prazas docentes respecto ao curso inmediatamente anterior.

Nestes mesmos termos, as catro organizacións sindicais vimos de dirixirnos por escrito ao Conselleiro de Educación para solicitar a prórroga de todo o citado persoal docente contratado este curso, xa que as circunstancias que motivaron a súa incorporación nin desapareceron nin se prevé que o faga a curto prazo.

Segundo os cálculos actualizados, en Galicia serían arredor de 2.600 as prazas que se aumentaron neste curso escolar como medidas excepcionais para afrontar con certas garantías un curso non menos excepcional e ditas prazas deben manterse en tanto en canto perdure a situación de crise sanitaria que as motivou e como garante de calidade educativa.

Como se recolle en diversos informes elaborados polas nosas organizacións sindicais, ditas contratacións esixidas e forzadas pola situación excepcional de pandemia ocasionada polo virus da COVID-19 así como tamén a redución de rateos, permitiron facer fronte á situación de crise cunha atención educativa máis individualizada.

As OOSS pretendemos iniciar o vindeiro curso escolar coas máximas garantías sanitarias e de persoal ao fin de garantir un ensino presencial seguro e a calidade do mesmo.